

# COSTA DE MALPICA DE BERGANTIÑOS

Adela Leiro, Mon Daporta  
setembro 2019



**Distancia:** 75 km (ida e volta)  
**Dificultade:** media

O concello de Malpica de Bergantiños forma parte do tramo de litoral coñecido como Costa da Morte, unha sucesión de cantís abruptos entre os que se atopan algúnhas praias e que inclúe as illas Sisargas. Unha costa que acolle importantes valores naturais, protexida no LIC/ZEC e ZEPA "Costa da Morte".

A máxima altura do concello é o monte Neme, con 386 m. O río máis importante é o Baá, que percorre o concello de leste a oeste e desauga na praia de Esteiro.

As principais actividades son a pesca de baixura, os servizos, a industria relacionada co barro e a agrogandaría.

En canto ao patrimonio cultural o máis destacado é a vila mariñeira de Malpica, a igrexa e as torres de Mens, a ermida de Santo Hadrián e os fornos de Buño.



- 1-A Ferreira
- 2-Praia Pradeira
- 3-Praia das Torradas
- 4-O Gaiteiro
- 5-Praia dos Riás
- 6-Os Castelos. Pedra Negra.  
O Cociñadoiro
- 7-O Angueiro.  
Illote de San Bartolomeu
- 8-Punta Falcoeira
- 9-Punta Falsa. Monte Furado
- 10-Praia de San Miro
- 11-Praias, illa e rego da Rega
- 12-Punta e illote Pepino
- 13-Praia dos Curros
- 14-Enseada, Laxe e  
punta dos Muíños
- 15-Punta Percebeira
- 16-Punta do Boi
- 17-Punta Lapachán. Illa Redonda.
- 18- Furna e rego da Xareira
- 19-Punta Peteirón

- 20-Illa do Castelo
- 21-Punta do Muxeiro e A Barreira
- 22-Punta da Plancha
- 23-MALPICA
- 24-A Atalaia.  
Puntas da Cuada e da Chan.
- 25-Praias de Area Maior e Canido
- 26-Punta da Barrosa. Punta do Boi.
- 27-Praia de Seaia
- 28-Os Cazás. O Portiño.  
Punta de Pasamologo.
- 29-Cabo de Santo Hadrián
- 30-Illas Sisargas
- 31-Coído de Fontán
- 32-Punta do Castro. Pedra do Oso.
- 33-Seixo Grande. Laguixón.
- 34-Praia de Beo.  
Enseada de Beo ou Porto da Tella.
- 35-Punta Galiana/Entretorres
- 36-Praia e enseada do Esteiro/Seiruga
- 37-Praia de Area Pequena.  
Cova e punta Xerpa.
- 38-Punta das Garzas e Restingas do Co
- 39-Enseada, praia e porto de Barizo
- 40-Puntas do Cabalo e Ensubelas
- 41-A Corveira. Pedra do Ferro.
- 42-Moa do Salgueiro. Niño da Aiga.
- 43-Punta Nariga.
- 44-Xunquiños Gordos.  
Pedras das Caniceiras.
- 45-Punta do Rubio. O Cheiroso.
- 46-Punta Angueiro.
- 47-O Lago

## PERCORRIDO

Dada a lonxitude e variedade da costa de Malpica e o seu interese, plantexamos a posibilidade de facelo en dúas xornadas, tendo como referencia a vila.

1-Desde Malpica saímos pola estrada de Carballo ata chegar a primeira rotonda para saír a Buño e rodeándoa case por completo saímos cara a Cambre. Desde Cambre podemos ir por Aviño á **praia das Torradas**, ou ir á **praia dos Riás** e achegarnos desde ela á das Torradas, camiñamos un pouco e aforramos uns km de coche. Desde os Riás temos que volver a Cambre para ir a San Miro, ou ao pouco de deixar a praia collemos a primeira pista á dereita, de terra, en bo estado, que nos leva a estrada que baixa a **San Miro**, case ao pé da praia. Desde San Miro volvemos a Cambre para ir ao Ceán, ou seguimos a pista de terra que sae do remate do asfalto que tamén nos leva ao lugar. No Ceán collemos á dereita cara a Ardeleiro e na metade do camiño a pista de terra, boa, pola que nos achegaremos aos **muíños da Ribeira**. Vistos os muíños e a contorna volvemos á estrada, collemos á dereita e xa estamos en Ardeleiro, onde collemos á dereita para cruzar o lugar e logo outra vez á dereita. Da primeira curva da estrada sae unha pista de terra, boa, pola que podemos acercarnos á **punta Percebeira**, cantil espectacular e vistas dos muíños e de Malpica, e a **punta do Boi**. Volvemos á estrada e seguimos á dereita, un longo tramo recto, e no remate da recta volvemos a ir á dereita para circular máis preto do mar e ver, desde arriba, o **illote do Castelo** e a **punta Muxeiro** antes de chegar á capela de San Antonio. Desde San Antonio baixamos polas rúas da vila ata o **porto de Malpica** para rematar a primeira parte da viaxe.

O percorrido en coche son uns 20 km desde a praia dos Riás, 7 máis se nos achegamos á praia das Torradas por Aviño e 9 km chegar de Malpica a Cambre.



Na Costa da Morte os protagonistas son as rochas, o mar e o vento

A Costa da Morte é unha grande área litoral de cara ao Atlántico, de morfoloxía moi diversa, na que se alternan grandes areas e marismas, illas e elevados cantís, con espazos expostos e protexidos.

É un espazo de grande valor biolóxico que acolle unha importante flora e fauna con numerosas especies pouco comúns.

A vexetación de cantís, dunas e marismas está moi especializada e pódense atopar un bó número especies e subespecies endémicas da zona. En canto á fauna hai que destacar a gran riqueza dos hábitats costeiros e o número de aves acuáticas, moitas delas invernantes que se concentran nos cantís e nas zonas húmidas.

É unha importante área de pesca e marisqueo e recentemente tamén de gran interese turístico.



1-A Ferreira




Vista desde A Ferreira cara á praia das Pradeiras



2-Praia Pradeira



3-Praia das Torradas



4-O Gaiteiro (Praia das Torradas)



5-Praia dos Riás




A Herbosa




Os Castelos




O Cociñadoiro punta dos Guichos e Pedra Negra



7-Punta do Angueiro e Illote de San Bartolomeu



8-Punta Falcoeira



9-Punta Falsa



9-Monte Furado ou Furna das Grallas



11-Praias, illa e rego da Rega



13-Praia dos Curros




10-Praia de San Miro



Laxe e punta dos Muíños




12-Punta e illote Pepino



14-Enseada, Laxe e punta dos Muíños



Muíños da Ribeira. Un grupo de cinco edificacións, dúas situadas cara ao interior, e tres case na beira do cantil formando un fermoso conxunto, construídas ao estilo tradicional da zona, que aproveitan a caída e o escaso caudal do Rego dos Muíños. Na zona pódense ver pregues e furnas.



15-Punta Percebeira





Punta de Fuxín



16-Punta do Boi, con Malpica ao fondo

17-Punta Lapachán. Illa Redonda.




17-Punta Lapachán



18- Furna e rego da Xareira



19-Punta Peteirón




20-Illa do Castelo



20-Illa do Castelo



21-Punta do Muxeiro





22-Punta da Plancha



23-MALPICA



2-Na vila collemos o primeiro desvío que nos achegue ás **praias de Area Grande** e de **Canido**, desde onde temos unha fermosa vista do seo, das praias e de Malpica ao abrigo da Atalaia. Desde aí saímos á estrada que vai a Ponteceso onde ao pouco atopamos un indicador de dirección á praia de Seia que nos leva por dentro do lugar, pero é complicado dar co camiño correcto polo que o mellor é seguir un pouco máis adiante onde volvemos atopar outros indicadores á **praia de Seia** e ao cabo de San Hadrián, meténdonos por este imos ata o pé do IES e alí volvemos ter indicacións que nos levan sen perda á praia, e volvendo polo mesmo camiño ata o IES xa estamos collendo á dereita na estrada que nos leva á **ermida** e ao **miradoiro do cabo de San Hadrián** para ver o espazo percorrido, as **illas Sisargas** e a costa ata a punta Nariga e máis alá. Voltamos polo camiño da ida á estrada que vai a Ponteceso e logo atopamos, á dereita, o indicador de **praia de Beo**, á que hai que baixar e volver de novo á estrada para poder cruzar o río e poder seguir por ela ata o seguinte desvío á dereita con indicadores a **Barizo** e ás praias de Seiruga e Area Pequena, un pouco adiante desviámonos á dereita para ir ao esteiro, á **praia de Seiruga** e á **praia de Area Pequena** todas ben indicadas. Da praia de Area Pequena, sen volver atrás, seguindo a estrada asfaltada, saímos á estrada de Barizo e collendo por ela á dereita imos ao lugar do **porto de Barizo** e á **punta das Garzas**. Desde o lugar de Porto de Barizo podemos achegarnos camiñando ata a praia pero tamén podemos facelo no coche se, volvendo pola estrada collemos o desvío sinalizado ao faro de punta Nariga, a praia de Barizo e ao porto, a uns 700 m temos un desvío á dereita ao porto e a praia; que 300 m máis adiante, se bifurca para ir, á praia, á dereita e ao porto á esquerda. Voltando ao punta de partida do desvío temos que coller á dereita para seguir camiño a **Punta Nariga**. Ao pé da capela de San Nicolás collemos á dereita e logo outra vez á dereita para ir xa sen perda ata o **faro de Punta Nariga**. De volta ao pouco de deixar atrás a capela de San Nicolás temos un desvío á dereita que nos leva a Mens e ao chegar outra estrada ao pé das primeiras casas collemos á esquerda e seguimos logo cara á dereita para saír á estrada principal atopámonos case de fronte coas Torres de Mens, ás que podemos achegarnos, e despois coller a estrada en dirección a Malpica onde rematamos o percorrido. Desde o porto de Malpica a Punta Nariga percorremos uns 35 km (lineal), para volver a Malpica (por Mens) facemos 11,5 km (en total: 46,5 km)



Un dos aspectos máis interesantes da costa de Malpica é a variedade de rochas e de formacións xeolóxicas




Malpica



24-A Atalaia. Punta da Cuada



24-A Atalaia. Punta da Chan.



25-Praia de Area Maior e A Atalaia



Praias de Canido e Area Maior



Praia e punta de Canido



Costa entre as puntas de Canido e do Boi



26-Punta da Barrosa



Punta da Barrosa




Punta do Boi




27-Praia de Seia

**Cabo de Santo Hadrián.**  
Ten unha grande diversidade litolóxica (gneis, xistos, diques básicos, areíscas, conglomerados...) e de formacións xeolóxicas (fallas, pregues, cantís, coídos, furnas ...)



Pregues na punta dos Cazás



Vista do Cabo Santo Hadrián desde as Illas Sisargas



Vista do Cabo Santo Hadrián desde as Illas Sisargas



Gneis glandular

Vista cara a Malpica dede o miradoiro de Santo Hadrián. Á esquerda a praia da Seia, a punta do Boi e ao fondo, a vila e o monte da Atalaia.






28-O Sequeiro



O Portiño un pequeno abrigo natural acondicionado como porto que acolle nas rochas da súa contorna interesantes pregues nas nochas.

Micropregue nas rochas do Portiño. A tradición popular ve neste a imaxe da serpe que esmagou o Santo Hadrián, para librar a zona dunha praga destes animais (para poder velo hai que ir coa marea baixa).



Os Cazás



Punta de Pasamelogo. Capela e miradoiro de Santo Hadrián.



Punta e Pedra das Areas



Illotes Boleeiros



Pedra do Lobo



29-Cabo de Santo Hadrián



Cabo de Santo Hadrián



A Manga



Seo e Coído de Fontán



As illas Sisargas desde Santo Hadrián

### 30-Illas Sisargas

Un pequeno arquipélago formado por tres illas maiores (Malante, Sisarga Pequena e Sisarga Grande) e varios illotes (Chalreu, O Xaceiro, Magnánimo) separadas do cabo Santo Hadrián por unha canle de 900 m de anchura.

A Sisarga grande é granítica e as outras están constituídas por gneis glandular e son de relevo máis suave.

Nelas aniñan varias especies de aves acuáticas: gaivota tridáctila (un dos poucos lugares de cría de Galiza), gaivota crara, gaivota sombría, corvo mariño cristado... En 1948 criaban 330 parellas de arao dos cons, hoxe practicamente extinguido.



Vista do Cabo Santo Hadrián desde a Sisarga Grande



Cantís e faro da illa Sisarga Grande. Está formada por granito de dúas micas. Ten unha superficie aplanada e todo o perímetro de abruptos cantís, agás unha pequena praia que cobre a marea, na que está o embarcadiro que permite o acceso á illa e ao faro.



Canle entre a Sisarga Grande e Malante



Niños de gaivota tridáctila



Cantís da illa Malante

Cabo de Santo Hadrián.



Pedra do Oso

32-Punta do Castro



Punta Salqueira




33-Seixo Grande e Laguixón





Punta Pendurada. As Golfeiras.








34-Praia de Beo



Enseada de Beo e Porto da Tella



35-Punta Galiana/Entretorres




rego do Esteiro.

36-Praia e enseada do Esteiro/Seiruga (Ceiruga)




37-Praia de Area Pequena

37-Punta Xerpa



Cova da Xerpa, coñecida como Furna dos Espíritos e da Caveira. Unha lenda conta que chega ata o castelo de Mens.

Punta Xerpa




Secova do Monte



38-Punta das Garzas e Restingas do Co





39-Enseada, praia e porto de Barizo



A Besugueira



Antiga cetárea en Barizo



O Castelo (Barizo)



Praia de Barizo



Porto de Barizo



Porto de Barizo e Os Loureiros



**Punta Nariga.**

Un cabo granítico de costas abruptas e cantís con curiosas formas creadas pola erosión. (vista desde as Illas Sisargas).



Enseada, praia e porto de Barizo desde o camiño á Punta Nariga



A Rabaleira



40-Punta do Cabalo



As Ensubelas e a Punta do Cabalo



As Barreiras



As Ensubelas



As Ensubelas e A Corveira




As Portelas



41-A Corveira



Rego das Portelas




Pedra do Ferro



Niño da Aiga





42- Moa de Salgueiro





43-Punta Nariga.

Faro da Punta Nariga, construído en 1998, deseño de César Portela





44-Xunquiños Gordos.



Pedras das Caniceiras




45-Punta do Rubio



O Cheiroso



46-Punta Angueiro.



47-O Lago



Puntas Angueiro, do Rubio e Nariga desde Santa Mariña.

O Cheiroso e a Punta do Rubio